



Belén Cachafeiro Anta (1 para 2)  
Alcaldeza de Forcarei  
Data de Sinatura: 22/03/2017  
HASH: f9151df6941f59e1c25157debe4c84e

M<sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández (2 para 2)  
Secretaria  
Data de Sinatura: 22/03/2017  
HASH: a9328368788663181c2135a41af94d7

BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL DE:  
**3 PEÓNS FORESTAIS, durante 8 meses.**

**1 PEÓN PARA RECOLLIDA DE LIXO, durante 8 meses.**

**1 OFICIAL OBRAS PÚBLICAS (ALBANEL), durante 8 meses.**

**1 OPERARIO DE SERVIZOS (PEÓN OBRAS) PARA KARTING, durante 8 meses.**

**1 OPERARIO DE SERVIZOS (PEON OBRAS) PARA INSTALACIÓN DEPORTIVAS, durante 8 meses.**

**1 PEON OBRAS PÚBLICAS, durante 6 meses.**

**1 CONDUTOR PARA SERVIZO DE OBRAS, durante 6 meses.**

PARA O CONCELLO DE FORCAREI, CON BASE NO PLAN CONCELLOS 2017 (LIÑA 3): PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCINAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

## PRIMEIRA

### OBXECTO

O Obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación, mediante concurso oposición,

3 PEÓNS FORESTAIS, durante 8 meses.

1 PEÓN PARA RECOLLIDA DE LIXO, durante 8 meses.

1 OFICIAL OBRAS PÚBLICAS (ALBANEL), durante 8 meses.

1 OPERARIO DE SERVIZOS (PEÓN OBRAS) PARA KARTING, durante 8 meses.

1 OPERARIO DE SERVIZOS (PEON OBRAS) PARA INSTALACIÓN DEPORTIVAS, durante 8 meses.

1 PEON OBRAS PÚBLICAS, durante 6 meses.

1 CONDUTOR PARA SERVIZO DE OBRAS, durante 6 meses.

### RÉXIME DE CONTRATACIÓN

A Contratación será de carácter laboral e temporal, de acordo coas condicións establecidas no artigo 3 do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medias urxentes en materia orzamentaria,





tributaria e financeira para a corrección do déficit público. A efectos deste RD considérase prioritario esta contratación por afectar a un servizo esencial.

Xornada: 37,5 horas semanais.

Salario bruto mensual: 825,65 €, incluída parte proporcional das pagas extra.

### **SISTEMA DE SELECCIÓN**

O Sistema de selección será o establecido nas Bases reguladoras da concesión de axudas e subvención para a execución do PLAN CONCELLOS 2017 (LIÑA 3): PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCINAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, publicadas no BOP Nº 249 de 30 de decembro de 2016.

### **SEGUNDA**

#### **REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a Ser cidadán/a español/a ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.





e Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade

### TERCEIRA

#### **SOLICITUDES**

Os aspirantes, ao abeiro das Bases provinciais, deben ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Os aspirantes serán remitidos polo Servizo público de Emprego, previa solicitude de oferta polo Concello, facendo constar na mesma os requisitos e características que deben reunir os traballadores que contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

As persoas candidatas serán remitidas ao Concello co fin de que este realice a selección definitiva.

### CUARTA

#### **FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

O proceso selectivo é de concurso-oposición.

#### **FASE DE OPOSICIÓN:**

Consistira na realización dos seguintes exercicios:

##### **1.- PROBA ESCRITA**

No día, hora e lugar sinalados, deberán presentarse tódolos aspirantes para realizar a proba teórica. Consistirá na realización dun exame tipo test de 10 preguntas con 3 alternativas de resposta cada unha que versará sobre o temario do Anexo I. A puntuación máxima na proba teórica será de 10 puntos sendo necesario obter 5 puntos para superar a proba. **Proba eliminatoria.**

##### **2.- PROBA PRÁCTICA**





Unha vez publicadas as puntuacións da proba escrita, os que superen a mesma, serán citados, para realizar unha **proba práctica eliminatoria** que consistirá nalgunha das tarefas a desenvolver no seno do seu traballo designada ao efecto polo tribunal. A proba terá unha puntuación máxima de 10 puntos resultando preciso lograr 5 puntos para non quedar eliminado. **Proba eliminatoria.**

#### **FASE DE CONCURSO:**

**So se valorarán os méritos dos que superasen as dúas probas anteriores.**

A fase de concurso de méritos farase con base nos seguintes criterios, establecidos ao efecto polas Bases reguladoras da Concesión de axudas e Subvencións para a execución do PLAN CONCELLOS 2017 (LIÑA 3): PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCINAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, publicadas no BOP Nº 249 de 30 de decembro de 2016:

- 1 Víctimas de violencia de xénero: 2,75 puntos**
- 2 Candidatos maiores de 45 anos: 2,25 puntos**
- 3 Candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo: 2 puntos**
- 4 Candidatos con niveis de renda mais baixa: 1,5puntos**
- 5 Candidatos con cargas familiares: 1 punto**
- 6 Candidatos que leven inscritos como demandantes de emprego máis dun ano: 0,5 punto.**

**Para proceder a valorar estes criterios deberán presentar no Concello copia orixinal ou cotexada dos documentos acreditativos dos mesmos no prazo máximo de 2 días hábiles dende o recibo da carta do Servizo Público de Colocación. Como máximo admítese documentación ata o día 4 de abril.**





## QUINTA

### **DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.**

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final. Esta será a suma da puntuacións da Oposición e do concurso de méritos. O Tribunal, á vista dos resultados e puntuacións totais, propondrá ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superalo número de aprobados o das prazas convocadas.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase segundo os criterios de preferencia establecidos polas Bases reguladoras da Concesión de axudas e Subvencións para a execución do PLAN CONCELLOS 2017 (LIÑA 3): PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCINAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, publicadas no BOP Nº 249 de 30 de decembro de 2016.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

## SEXTA

### **TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por tres membros mais a Secretaria do Tribunal.





Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

A composición do **tribunal**, estará integrado polos seguintes membros:

**Presidente:** M<sup>a</sup> ELENA SUEIRO FERNANDEZ, (Secretaria municipal), ou persoa na que delegue.

**Vocais:** - ANTONIO REY CORTIZO (Encargado de obras), ou persoa na que delegue.

- RAUL HERMIDA FERREIRO (Oficial fontaneiro), ou persoa na que delegue.

**Secretaria:** - MARIA DEL CARMEN MATO CACHAFEIRO (Administrativo), ou persoa na que delegue, con voz e sen voto).

A composición efectiva do tribunal, así como a data de celebración dos exercicios será a notificada pola oficina pública de emprego a cada candidato.

Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEPTIMA

**INTERPRETACIÓN DAS BASES.**





As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que se deriven da aplicación das presentes bases, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

OCTAVA

### **NORMA FINAL**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Do mesmo xeito a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.”

Forcarei, 20 de marzo de 2017

A Alcaldesa

Asdo.: Belén Cachafeiro Anta

### **ANEXO I**

#### **TEMARIO COMÚN PARA TODOS OS POSTOS**

TEMA 1. O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. DIFERENTES TIPOS DE ADMINISTRACIÓN CENTRAL, AUTÓNOMICA, LOCAL E INSTITUCIONAL

TEMA 2. ADMINISTRACIÓN LOCAL. A SUA CONFIGURACIÓN NA CONSTITUCIÓN. ESPECIAL REFERENCIA AO MUNICIPIO. CONCEPTO E





CONCELLO  
DE  
FORCAREI

Praza da igrexa, nº 1 - 36550 FORCAREI (Pontevedra)  
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82  
C.I.F. P - 3601800 - J

Páxina Web: <http://www.forcarei.net>  
E-mail: [concello.forcarei@forcarei.net](mailto:concello.forcarei@forcarei.net)  
[concello.forcarei@eidolocal.es](mailto:concello.forcarei@eidolocal.es)

ELEMENTOS. ORGANIZACIÓN MUNICIPAL : O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS COMISIÓNS INFORMATIVAS  
TEMA 3. A XEOGRAFÍA E TOPONIMIA DO CONCELLO DE FORCAREI. AS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE FORCAREI: RELACIÓN E SITUACIÓN FÍSICA.

### **TEMARIO ESPECÍFICO PEONS FORESTAIS E RECOLLIDA DE LIXO**

TEMA 1. EXTINCIÓN, FERRAMENTAS E ORGANIZACIÓN E PROTECCIÓN DE ECOSISTEMAS FORESTAIS.

### **TEMARIO ESPECÍFICO PEÓNS, OFICIAL OBRAS PUBLICAS E CONDUTOR**

TEMA 1. FERRAMENTAS E ORGANIZACIÓN NO DEPARTAMENTO DE OBRAS. NORMAS DE SEGURIDADE E SAUDE. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

